

**Denuncia:** Ausencia/insuficiencia de protección fronte ao risco de infección por coronavirus ás persoas traballadoras especialmente sensibles e grupos especiais de risco

**AO COIDADADO DE:**

**Inspección de Traballo e Seguridade Social**  
**Ministerio de Sanidade**  
**Delegación de Goberno**

**NOME E RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA**.....

**PROVINCIA**.....**CONCELLO**.....**ENDEREZO**.....

**ACTIVIDADE ECONÓMICA**.....**HORARIO**.....

\_\_\_\_\_, na súa condición de (delegadas/os de prevención, membros do C.S.S.) delegadas/os de persoal e membros do Comité de Empresa

**DIN**

O deber de protección da empresa implica que esta debe garantir a seguridade e a saúde das persoas traballadoras ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo que están baixo o seu ámbito de dirección e control.

En todo os casos, as empresas deberán adoptar aquelas medidas preventivas de carácter colectivo ou individual que sexan indicadas polo servizo prevención de acordo coa avaliación de riscos, tendo en conta o tipo de actividade, e as propias características da empresa.

O Real Decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores que polo seu traballo están ou poden estar expostos a axentes biolóxicos, no seu art. 4.2, recolle que o empresario deberá repetir a avaliación cada vez que se produza un cambio nas condicións que poida afectar á exposición dos traballadores/as a axentes biolóxicos. Así mesmo, procederase a unha nova avaliación do risco cando se teña detectado nalgún traballador/a unha infección ou enfermidade que se sospeite sexa consecuencia dunha exposición a axentes biolóxicos no traballo.

Por outra banda o Art.25 de la Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais determina que os servizos de prevención de riscos laborais deben adaptarse aos traballadores/as especialmente sensibles, entendendo por estes a aquelas persoas traballadoras que polas súas características persoais ou estado biolóxico, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do seu posto de traballo. Incluídas aquelas persoas que teñan recoñecida unha discapacidade física, psíquica ou sensorial.

Independentemente da súa pertenza a un determinado colectivo, estas persoas traballadoras poden amosar unhas características persoais, que lleS fan especialmente sensibles a certos factores de riscos laborais, ou cuxos riscos propios ou persoais poidan empeorar debido ao desempeño das súas funcións.

Atendendo á nosa lexislación en materia de prevención de riscos laborais, os empregados/as, en ningún caso desempeñarán as súas funcións na forma ou no lugar que poidan poñerse en situación de perigo. Tanto a si mesmos, como aos demais traballadores/as ou outras persoas relacionadas coa empresa.

Así as cousas e con motivo da emerxencia sanitaria pola epidemia de Coronavirus COVID-19 e ante a ausencia (**insuficiencia**) da adopción de medidas preventivas específicas adoptadas pola empresa, para preservar a seguridade e a saúde das persoas traballadoras consideradas como especialmente

## **Denuncia:** Ausencia/insuficiencia de protección fronte ao risco de infección por coronavirus ás persoas traballadoras especialmente sensibles e grupos especiais de risco

sensibles, e particularmente aquelas consideradas como un grupo de especial risco ante a posibilidade de contaxio por coronavirus: as persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade hepática crónica, enfermidade pulmonar crónica, enfermidade renal crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, maiores de 60 anos e mulleres embarazadas (principio de precaución).

### **SOLICITAN**

- Se inste a empresa a adoptar con carácter inmediato as medidas organizativas, así como de prevención e protección colectiva e individual máis axeitadas, entre as que entendemos deben considerarse as seguintes: **(as que sexan de aplicación segundo cada caso):**
  - Organizar o traballo de modo que se reduza o máis posible o número de persoas traballadoras expostas, **establecendo ao efecto quendas, posibilitando o teletraballo,...**
  - **Posta en disposición de gafas antisalpicaduras, mascarillas FFP2/FFP3, luvas desbotábeis (nitrilo ou látex) e roupa de traballo desbotable de protección**, para os seguintes postos de traballo: **enumerar postos**
  - Adoptar medidas específicas para as persoas traballadoras especialmente sensibles (grupos de risco), suposto no que entendemos non é aceptable a presenza física no lugar de traballo.
  - Dispoñer os medios suficientes e axeitados para posibilitar a posta en marcha das medidas hixiénicas recomendadas polas autoridades sanitarias (xabrón, panos de papel desbotables, contedores con pedal, secadores de aire eléctricos...).

En calquera caso, esiximos e solicitamos que as persoas traballadoras suscetíbeis de ser consideradas grupo de risco fronte a infección por coronavirus, deberán dispoñer e ser beneficiarias dun catálogo de postos de traballo totalmente exentos de risco de contaxio, elaborado pola propia empresa, contando así mesmo cun conxunto de medidas organizativas destinadas a evitar calquera nivel de exposición. No caso de non ser isto posible, as persoas traballadoras pertencentes ao grupo de risco deberán permanecer nos seus domicilios sen asistir presencialmente ao seu lugar habitual de traballo.

No caso de non aplicarse estas medidas e poderse garantir a seguridade das persoas traballadoras desta empresa, considerariamos solicitar a paralización inmediata da actividade ata que se garantan a protección da saúde de todas as traballadoras e traballadores. **(ollo con isto).**

Así as cousas, atendendo a esta situación que eiquí denunciemos, solicitamos que dende a Inspección de Traballo e Seguridade Social, o Ministerio de Sanidade e a Delegación de Goberno se inste a empresa a cumprir de xeito inmediato coa súa obrigaón legal de protección da saúde e a seguridade das persoas traballadoras segundo o ordenamento xurídico/normativo vixente.

En \_\_\_\_\_, 25 de marzo de 2020

Delegadas e delegados de Persoal / Comité de empresa